

CURSO CINEMA

CORPOS EFÍMEROS, MÁQUINAS PERFECTAS

Pequena historia do movemento, o tránsito e a transformación no cinema

29 outubro 2015 – 26 maio 2016

Organiza: MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo

Lugar: salón de actos

Horario: **XOVES**, de 19.30 a 21.00

Docente: José Manuel López, coa colaboración de relatores invitados



PRAZAS LIMITADAS. Inscripción e matrícula a partir do 17 de setembro

Prezo: 190€ (desconto do 20% para membros da Agrupación de Amigos do MARCO e para estudantes, previa acreditación), coa posibilidade de pago fraccionado nos prazos e condicións sinalados na ficha de inscrición.

Modalidade asistencia:

Estase xestionando a posibilidade de recoñecemento de horas de formación permanente de profesorado por parte da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Para as persoas interesadas nesta modalidade, a asistencia ás sesións será obrigatoria, mediante sinatura e presentación do DNI.

PRESENTACIÓN

“O feito é que ninguén, ata agora, determinou o que pode o corpo”, escribiu Spinoza na súa *Ética*. E a súa intuición segue sendo válida nun mundo contemporáneo aínda inmerso en irresueltos (e irresolubles) debates entre idealismo e materialismo, entre o psíquico e o orgánico, entre a mente e o soma, ese “colector” ao que Platón xa describía en *Fedro* como un corpo-prisión. A liberación e a potencialidade dese corpo (que o move) e dos seus afectos (que o conmove) é tamén unha das cuestións claves da (cin)ética do cinema, a arte do movemento, o tempo e a luz. O corpus fílmico nútrese dunha inacabable provisión de corpos (ficcionalis, documentais, animados ou virtuais) que camiñan, saltan, corren, voan, xogan, falan, cantan, bailan, rin, berran, dormen, esperan, miran, tocan, aman, golpean, nacen e morren. Corpos fugaces convertidos en máquinas efémeras a través das que o cinema continúa preguntándose por o que pode o corpo ao tempo que explora a súa propia potencialidade, a das imaxes e sons en movemento.

Cineastas como Tex Avery, John Woo, Johnnie To, Aki Kaurismäki, Roy Andersson, Jacques Tati, Jacques Demy, Stanley Donen, Lucrecia Martel, Béla Tarr, Leos Carax, Kelly Reichardt ou João César Monteiro; e *performers* (algúns tamén cineastas) como Takeshi Kitano, Jerry Lewis, Dennis Lavant, Buster Keaton, Kristen Wiig, Louie CK, Gene Kelly, Cyd Charisse, Daniel Craig, Jason Statham, Bruce Lee, Jackie Chang, Sammo Hung ou Chow Yun-Fat, entre tantos outros, servirannos de guía neste curso que quere trazar un breve itinerario polo movemento, o tránsito e a transformación no cinema. Do *gag* cómico á introspección de certo cine nórdico ou oriental, do musical ao cinema de acción ou de artes marciais, da precisión marcial do loitador á inocencia lúdica do *clown*, do vagabundeo urbano á mística dos espazos abertos no *western* ou a *road movie*... Múltiples son os camiños posibles por unha plástica do movemento no cinema, pero no centro do plano, sempre, a gravidade dun corpo en tránsito e a levidade dos seus afectos.

CALENDARIO E PROGRAMA

NOTA: durante a tempada 2015-16, por coincidir con festivos e outros eventos, non haberá sesión os seguintes xoves: 3, 17, 24 e 31 de decembro, 7 de xaneiro, 11 de febreiro, 10 e 24 de marzo.

Ao longo do curso pode haber pequenas variacións no programa e calendario, das que se irá informando puntualmente.

Sesión 1 (xoves 29 outubro)

Perpetuum mobile: corpos efimeros, máquinas perfectas

Sesión 2 (xoves 5 novembro)

Buster Keaton: a máquina perfecta

Sesión 3 (xoves 12 novembro)

Leos Carax, Denis Lavant e as esculturas insensatas

Sesión 4 (xoves 19 novembro)

Estradas polvorientas: a mirada errante de Abbas Kiarostami

Sesión 5 (xoves 26 novembro)

Smells Like Teen Spirit: ritos de paso na comedia adolescente

Sesión 6 (xoves 10 decembro)

A poética da velocidade no cinema animado de Tex Avery

Relator invitado: Jordi Costa

Sesión 7 (xoves 14 xaneiro)

O corpo como autobiografía. O cinema de acción e a súa “continuidade intensificada”

Sesión 8 (xoves 21 xaneiro)

Figuras nunha paisaxe: o desierto e o *cowboy* errante

Sesión 9 (xoves 28 xaneiro)

O final do camiño: as *walk movies* de Kelly Reichardt

Sesión 10 (xoves 4 febreiro)

Na procura dunha obra de arte total. Música, movemento e cor no cinema de Jacques Demy

Relatora invitada: **Bárbara Santos**

Sesión 11 (xoves 18 febreiro)

The Grandmaster: Wong Kar-wai e o cinema de artes marciais

Sesión 12 (xoves 25 febreiro)

Corpos documentais: caricatura, imitación e sátira política

Sesión 13 (xoves 3 marzo)

Infinito punto de fuga: *Carretera asfaltada en dos direcciones* (1971) e *Punto límite: cero* (1971)

Sesión 14 (xoves 17 marzo)

PAR>ROM>VIE>NY>LA: paseos pola cidade moderna

Sesión 15 (xoves 31 marzo)

Euritmia (ou o baile como emancipación)

Sesión 16 (xoves 7 abril)

Camiñantes melancólicos do fin do mundo

Sesión 17 (xoves 14 abril)

Steve McQueen e os abismos do corpo

Sesión 18 (xoves 21 abril)

Re-orientarse: cineastas que parten na busca do seu Oriente

Sesión 19 (xoves 28 abril)

Girls Just Wanna Have Fun? Mulleres na Nova Comedia Americana
Relatora invitada: **María Adell**

Sesión 20 (xoves 5 maio)

Playtime! (ou que difícil é ser Jacques Tati)

Sesión 21 (xoves 12 maio)

Onde están as cousas salvaxes: territorios estrañados da infancia

Sesión 22 (xoves 19 maio)

Máscaras da comedia (ou a tenrura da pesadumbre)

Sesión 23 (xoves 26 maio)

Jerry Lewis ou a melancolía do *clown*